


A AELG honra o dramaturgo Euloxio R. Ruibal

Recibirá a homenaxe *O Escritor na súa Terra*, que chega este ano á súa XXX edición.



Euloxio R. Ruibal. (Foto: Xan Carballa)



M. X. 12/xuño/24

A homenaxe *O Escritor na súa Terra*, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XXX edición, recaendo nesta ocasión na figura de Euloxio R. Ruibal, que será a figura homenaxeada en Santiago de Compostela este sábado 15 de xuño de 2024.

A iniciativa constitúise ao longo de tres décadas nunha celebración na que a terra de acollida da persoa homenaxeada ten unha presenza fundamental. É vontade da asociación [honrar escritoras e escritores](#) procurando o contacto directo e a implicación persoal na xornada.

Unha celebración múltiple e popular en que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor (unha peza escultórica), a plantación dunha abeleira -árbore simbólica elixida polo propio autor- e a colocación dun monólito conmemorativo.

Euloxio R. Ruibal

Ruibal é un dramaturgo fulcral na historia do teatro galego e un dos autores dramáticos máis frutíferos do país. A súa obra resultou fundamental para a creación da nova dramaturxia galega que se abriu camiño a partir de finais da década de 1960 principios da de 1970 e que desembocaría no nacemento do teatro profesional galego.

Integrado desde moi novo na escena teatral compostelá, entrou a formar parte en 1961 de Ditea, acrónimo de Difusión do Teatro Afeccionado, da man do actor e director Juan Jesús Valverde, e alí dirixiu en 1967 a súa primeira obra, *Asia*, de Henri René Lenormand.

En 1973 participou na primeira Mostra de Teatro Abrente de [Ribadavia](#), e resultou gañador do concurso de textos teatrais en galego con *Zardigot*, obra considerada fundacional do teatro galego contemporáneo.